


HORMONAS TROPAS

O grupo de hormonas da hipófise que exerce a función de control ou feed-back recibe o nome de hormonas “tropas”, que quere dicir estimulantes. Estas verten ó sangue e actúan sobre as demais glándulas endócrinas. Así, a secreción por parte da tiroide da hormona tiroxina depende da hormona hipofisiaria “tireotropa”. Do mesmo xeito que a secreción e o ritmo de secreción das hormonas sexuais depende das hormonas “gonadotropas”.

Vexamos como se produce a regulación da secreción de tiroxina pola tiroide.

A baixa concentración en sangue de tiroxina estimula ao hipotálamo que segrega a hormona liberadora RF correspondente, que neste caso é a TRF, mediante o torrente circulatorio chega á adenohipófise que estimulada, segrega a hormona tireotropa ou TSH, esta vertida ao sangue chega á tiroide e produce o estímulo necesario para que este segregue tiroxina, que se verte á súa vez ao torrente circulatorio. Mentres se siga segregando hormona tireotropa pola hipófise, a tiroide seguirá segregando tiroxina, pero cando a concentración de esta sexa suficiente, esta mesma hormona, a tiroxina, será a a que actúe sobre a hipófise para inhibir a secreción da hormona estimulante. A súa vez o hipotálamo é controlado pola hipófise, xa que determinada concentración de TSH inhibe a secreción de TRF.

Como podes comprobar a regulación supón por unha parte unha estimulación e por outra unha inhibición. É posible que isto te resulte complicado ao lelo, pero se vas facendo o exercicio que se propón a continuación resultante máis fácil.



1. Volve a ler, se é preciso, o parágrafo anterior e indica a que corresponden os números e as letras do esquema.
2. Cando C é +, é dicir estimulante a súa concentración de sangue é baixa ou alta? E cando é – ou inhibitoria?
3. Indica o mesmo para a hormona B
4. A mulleres que teñen problemas durante o parto debido a que as contraccións da matriz son moi lentas se lles aplica un goteiro que, entre outras substancias posúe unha hormona. De que hormona se trata?
5. Que consecuencias pode ter para unha persoa a administración continuada de tiroxina?